

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA.

En Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte D. Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade, na súa calidade de Presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeado segundo o Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, en nome e representación do mesmo.

Doutra parte, a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (en diante FPGIBGS), con CIF G36911972 e sede en Hospital Álvaro Cunqueiro, Blq. Técnico, Planta 2, Estr. Clara Campoamor nº341, 36312 Vigo, inscrita no Rexistro de Fundacións co número de Rexistro 2002/17, e no seu nome e representación Dña. Beatriz Gil de Araújo de Simón, actuando en calidade de Directora, en virtude das atribucións que ten conferidas mediante Escritura Pública de apoderamento outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Notarios de Vigo, D. José Luis Espinosa de Soto, con data 12.07.24, baixo o número 1734 do seu protocolo.

E doutra parte, D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, en representación da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia, con domicilio en Avenida Martínez Garrido, Nº 21, Interior, CP 36205, CIF G36776920.

Todos eles declaran estar debidamente facultados e coa capacidade legal necesaria para obrigarse en dereito de acordo aos termos do presente convenio marco de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN:

1. Que o Servizo Galego de Saúde incorpora, como un dos elementos fundamentais da súa actividade, a investigación e innovación biomédica. Así, o artigo 94 f) da Lei 8/2008, 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde baixo a supervisión e control da Consellería de Sanidade, a promoción da investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

2. Que, o Servizo Galego de Saúde, no seu plan ESTRATEXIA SERGAS, sitúa a innovación como un dos seus eixes principais, explicitando como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación do sector sanitario como un creador de valor, facendo que actúe como motor de crecemento económico e impulse alianzas estratéxicas con todos os axentes implicados. Froito deste compromiso é a posta en funcionamento a finais do 2010 da Plataforma de Innovación Sanitaria como estrutura transversal para xestionar e promover iniciativas de innovación e un espazo de encontro onde converxan usuarios, centros xeradores de coñecemento, empresas biosanitarias e diversas administracións.

3 Que AFAGA e o Servizo Galego de Saúde comparten a importancia de participar e colaborar no desenvolvemento de proxectos de investigación e formación que contribúan a unha mellor comprensión da enfermidade e de promover diversas iniciativas neste ámbito.

4. Que a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (en adiante a Fundación) ten a misión de impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico e a innovación no ámbito sanitario nas Áreas Sanitarias de Vigo, Pontevedra e O Salnés, e Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Asemade, é o órgano xestor do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS).

O IISGS crease no ano 2008 mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo, cuxo obxecto concreto e a creación do instituto de investigación sanitaria a través da asociación dos grupos e centros de investigación da Universidade de Vigo, e o Complexo Hospitalarios Universitario de Vigo. Con data do 19 de outubro 2021 firmase un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galgo de Saúde, a Universidade de Vigo e a Fundación Biomédica Galicia Sur para regular a continuidade e desenvolvemento do IISGS, que constitúe o vínculo xurídico actual do IISGS.

O IISGS levará a cabo actividades de investigación nas liñas por el priorizadas, que constarán no Plan Estratéxico vixente en cada momento. As partes integrantes do IISGS comprométese a desenvolver e cumprir, entre outras funcións, ao fomento da colaboración entre investigadores de ámbito básico, clínico de saúde pública e de servizos de saúde; favorecer ou desenvolver programas e proxectos de investigación ou de formación de investigadores, prestando especial atención a formación científica de profesionais sanitarios, fomentar a colaboración entre os centros de investigación do IISGS e outros pertencentes a outras institucións de investigación no ámbito autonómico, favorecer ou desenvolver programas e proxectos de investigación ou de formación de investigadores, prestando especial atención a formación científica de profesionais sanitarios; desenvolver actividades orientadas ao fomento da investigación e da innovación responsables que impulsen unha maior relación e colaboración coa sociedade.

O Real Decreto 279/2016, do 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria regula o procedemento para a acreditación de institutos de Investigación biomédica ou sanitaria, ofertando as directrices e requisitos a cumprir polas institucións que desexen obter dita acreditación. Entre eles, recollese a sinatura dun vínculo xurídico das institucións que desexen obter a acreditación.

5. Que a través do IISGS, se está a materializar a integración da investigación básica e clínica desenvolvida no entorno das institucións asinantes, posibilitando unha transferencia á sociedade máis eficaz dos avances científicos obtidos no diagnóstico, prevención e tratamento das enfermidades entre as que figuran enfermidades neurolóxicas como é o Alzheimer e outras demencias.

6. Que a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia (en adiante AFAGA) é unha entidade sen ánimo de lucro que realiza diferentes actividades destinadas a mellorar a calidade de vida dos enfermos de Alzheimer e outras demencias e os seus familiares, así como ofrecer información, asesoramento e orientación a todas as persoas que o soliciten, achegar a realidade desta enfermidade a entidades públicas e privadas co obxectivo de conseguir unha resposta ampla e eficaz ás demandas deste colectivo, e estimular e colaborar nas investigacións que se realizan sobre esta enfermidade.

7. Que, de acordo con todo o anterior, o Servizo Galego de Saúde, AFAGA e a Fundación teñen interese en desenvolver unha colaboración estable e ampla na procura dunha investigación de excelencia do deterioro cognitivo, das demencias neurodexenerativas, a prevención, o envellecemento e o entorno de apoio e coidados, que contribúa á mellora da calidade de vida,



así como na creación dunha contorna axeitada que facilite a transferencia de coñecemento e polo tanto a vinculación efectiva dos recursos científico-tecnolóxicos cun desenvolvemento social, económico e empresarial sustentables.

En base a estas razóns, as partes asinan o presente convenio marco de colaboración, que se concreta nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio marco é establecer a colaboración existente en materia de investigación entre AFAGA, o Servizo Galego de Saúde, e a Fundación, potenciando a colaboración entre profesores/as, investigadores/as, facultativos/as, persoal sanitario e investigador en formación que desenvolvan actividades de investigación científica (en adiante investigadores/as), de forma que permita transformar os seus coñecementos, capacidades e potencialidades en solucións para responder aos retos e necesidades presentes e futuras do sistema sanitario e dos/as seus/súas usuarios/as.

Segunda. Ámbito de aplicación

As condicións da colaboración reguladas no presente convenio marco serán de aplicación aos/as investigadores/as de AFAGA e os/as investigadores/as vinculados/as aos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde e á Fundación que desenvolvan a súa actividade investigadora nas Áreas Sanitarias de Vigo, Pontevedra e O Salnés e Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Tamén se incluírán aqueles profesionais do Servizo Galego de Saúde doutras Áreas Sanitarias que colaboren ou estean vinculados a Grupos do IISGS.

Terceira. Obxectivos e condicións da colaboración

As condicións deste convenio marco de colaboración serán de aplicación específica para facilitar a realización de actividades conxuntas entre investigadores/as das diferentes institucións, de tal forma que esas poidan desenvolverse fisicamente nas dependencias de calquera delas.

Como consecuencia do anterior, un/unha investigador/a de calquera das institucións asinantes poderá de xeito puntual e xustificado desenvolver traballos de investigación nas dependencias das outras dúas institucións, para o cal deberá:

1. Contar coa aceptación de polo menos un/unha investigador/a da institución que o recibe, que terá a condición de investigador/a responsable da estancia. Na aceptación deberán constar as datas as que se estende a estancia e, no seu caso, as posibles prórrogas. Dita aceptación deberá ser comunicada á persoa responsable da xerencia ou dirección da entidade na que se produza a estancia con carácter previo a que esta se inicie. Dita estancia poderá ser denegada por causas xustificadas pola persoa responsable da xerencia ou dirección da entidade na que se produza.

De xeito previo á dita aceptación deberá contarse coa autorización do/da xerente de AFAGA, do/da Xerente da correspondente Área Sanitaria e do/da Director/a da Fundación para realizar a actividade solicitada na súa institución cando a actividade a desenvolver sexa de interese para os obxectivos xerais deste convenio marco.

Ademais da aceptación do investigador/a responsable, e da autorización a que se fai referencia no parágrafo anterior, o/a investigador/a que desenvolva a actividade nas dependencias da outra institución deberá asinar unha declaración responsable de ser coñecedor/a dos termos do presente convenio marco, do seu compromiso de seguir as instrucións relativas á prevención de



riscos e de seguridade, do réxime interno de funcionamento da entidade, así como, obrigándose ao tratamento confidencial dos datos aos que teña acceso no marco das investigacións en curso e dos que coñeza con ocasión da estadía. O incumprimento destas normas ou instrucións por parte do/a investigador/a poderá dar lugar á revogación da autorización da súa estancia.

2. Cando un/unha investigador/a desenvolva unha actividade nas dependencias doutra institución distinta á que está formalmente vencellado, esta actividade terá lugar nas dependencias asociadas ao investigador/a da institución receptora con que ten establecida a colaboración. De ser necesario, corresponderá a este último xestionar a provisión de recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade conxunta, ao mesmo tempo que asumir responsabilidade da mesma diante da institución de acollida.

3. En ningún caso desenvolver a actividade nalguna das outras dúas institucións ao abeiro do presente convenio marco suporá relación laboral entre o/a investigador/a desprazado/a e a institución de acollida, nin outorgará ao/á mesmo/a os dereitos propios do persoal investigador ou técnico da institución de acollida no relativo a espazos, uso de equipamento e claves de acceso a centros, para o que dependerá en todo caso do/da investigador/a ou investigadores/as responsables da súa estancia. Non obstante, e a efectos de facilitar a actividade de cooperación e favorecer o desenvolvemento dun entorno colaborativo, as partes asinantes deste convenio facilitarán, dentro do posible, ao/á investigador/a desprazado/a o acceso aos espazos, instalacións, servizos e instrumentación comúns para desenvolver a súa labor, sempre con subxección ao cumprimento das normas de funcionamento e utilización internas.

4. As partes asinantes non se fan responsables dos accidentes ou enfermidades que os/as investigadores/as desprazados/as puidesen padecer nas súas instalacións no transcurso das actividades de investigación, nin tampouco dos danos que puidesen ocasionar durante a realización das mesmas.

As partes deberán garantir a cobertura do aseguramento de accidentes e responsabilidade civil do seu persoal investigador implicado nas actividades que se desenvolvan ao amparo de este convenio marco.

A ausencia ou a non adecuada acreditación destes seguros suporá a imposibilidade de levar a cabo o desprazamento do/da investigador/a.

Cuarta. Convenios específicos

Sen prexuízo do presente convenio marco, as partes asinantes poderán promover proxectos e actividades específicas en relación coas liñas de colaboración enunciadas anteriormente. Para tal efecto, as partes poderán asinar convenios específicos de colaboración nos que quedarán claramente expresados os obxectivos específicos perseguidos, os contidos dos proxectos, traballos ou actividades, as liñas prioritarias e os recursos necesarios para a mellor consecución dos fins propostos, sempre en función da situación económica e das dispoñibilidades orzamentarias das partes asinantes.

Quinta. Coordinación e seguimento da colaboración

1. Aos efectos do seguimento específico do presente convenio marco constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada por un/unha representante de cada unha das institucións asinantes. Dita Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, e se reunirá nun prazo inferior a un mes desde que o solicite algunha das partes por escrito, e en todo caso cunha periodicidade mínima dun ano.

2. A Comisión Mixta estará formada por:

a) Polo Servizo Galego de Saúde: a persoa titular da Xerencia da Area Sanitaria de Vigo ou



persoa en quen delegue, que ostentará á presidencia da comisión.

b) Por AFAGA: a persoa titular da Presidencia ou persoa en quen delegue.

c) Pola Fundación: a persoa titular da Dirección ou persoa en quen delegue.

Asemade, para un mellor desenvolvemento das súas reunións e para favorecer o cumprimento dos fins do presente convenio marco, poderán ser invitados por calquera das partes asinantes expertos/as ou asesores/ras externos/as con voz, pero sen voto.

3. Á Comisión Mixta correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

a) Resolver ou dirimir as dúbidas ou desavinzas que poidan xurdir na interpretación deste convenio.

b) Estudar e propor a necesidade e tipo de convenios específicos a asinar para a consecución dos obxectivos e colaboración establecidos na cláusula segunda do presente Convenio marco.

c) Propor novas posibilidades de colaboración en temas de interese común, así como aquelas modificacións, cambios ou addendas ao presente convenio marco.

d) Elevar as propostas que elabore aos Órganos competentes da institución correspondente.

e) Realizar o seguimento do presente convenio marco e de aqueles convenios específicos que se subscriban, así como aclarar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

Para facilitar o traballo da Comisión Mixta, as súas reunións poderá asistir unha persoa dalgunha das tres institucións que actuará de secretario/a administrativo/a. Esta persoa será elixida polos membros da Comisión Mixta.

Sexta. Propiedade intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse deste convenio estarán suxeitos ás disposicións legais vixentes na materia, en particular, no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aos artigos 35 e seguintes da Lei 14/2011, de 1 de xuño de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, así como na normativa que establezan o Ministerio de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde nesta materia.

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade entre as partes.

O uso non autorizado, ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio por parte de calquera delas de calquera elemento protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou intelectual da outra, facultará a esta para instar a resolución do presente convenio.

Sétima. Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes se comprometen a gardar a mais estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluída a presente colaboración



Tras a finalización da vixencia ou resolución deste convenio marco, calquera das institucións asinantes poderá, reclamar por escrito á/as outra/as a rápida devolución ou destrución de calquera información confidencial ou material entregados con anterioridade sen que poidan quedar copias da mesma, xa estean en forma escrita ou en calquera outra forma tanxible, agás unha copia escrita daquela información que a institución receptora deba manter atendendo ao cumprimento de aspectos legais e unicamente a efectos de rexistro.

Oitava. Financiamento

A sinatura do presente convenio marco non supón compromiso económico algún para as institucións asinantes e en consecuencia non precisa consignación orzamentaria.

As repercusións económicas que poidan derivarse da execución das accións froito deste convenio marco serán avaliadas e se recollerán nos convenios específicos que se subscriban a tal fin.

Novena. Entrada en vigor, duración e renovación

Este convenio marco de colaboración entrará en vigor desde a data da súa sinatura e a súa vixencia será de catro anos. Poderá ser prorrogado por períodos sucesivos de dous anos por acordo expreso das partes manifestado con anterioridade á data da súa finalización.

Todo iso de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décima. Resolución anticipada

Ademais do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo, serán causas de extinción do presente convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O común acordo das partes asinantes, formalizado documentalmente.
- c) A imposibilidade, legal ou material, de cumprir con algunha das súas cláusulas.
- d) O incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigacións establecidas neste convenio por calquera das partes que non sexa emendado no prazo de trinta (30) días seguintes á recepción da notificación escrita da parte que aprecie o incumprimento, identificando devandito incumprimento e reclamando a súa corrección.
- e) A vulneración do deber de confidencialidade dos datos de carácter persoal ou de calquera outra obrigación derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- f) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

A resolución anticipada do convenio comportará a liquidación do mesmo por acordo da Comisión de Seguimento.

As obrigas sobre confidencialidade e secreto indicadas neste convenio marco así como as correspondentes aos convenios específicos vixentes subsistirán tras a finalización ou resolución dos mesmos, mentres non se indique o contrario.

Décimo primeira. Natureza e xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o



presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Décimo segunda. Resolución de conflitos

As partes asinantes do presente convenio marco comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na Comisión Mixta de Seguimento e de persistir, poderán someterse á xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira. Publicidade

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento no lugar e data arriba indicados.

O Presidente do Servizo
Galego de Saúde

O Presidente da Asociación
de Familiares de Enfermos de
Alzheimer e outras
demencias

A Directora da Fundación
Pública Galega de
Investigación Biomédica
Galicia Sur

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Juan Carlos Rodríguez
Bernárdez

Dña. Beatriz Gil de Araujo de
Simón

